

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 7, 1-2. 10. 25-30

Naquel tempo, andaba Xesús pola Galilea, pois non quería andar pola Xudea, porque os xudeus querían matar.

Estaba a chegar a festa dos xudeus chamada «das Tendras».

Cando seus irmáns xa subiran á festa, entón tamén el subiu, non manifestamente, senón en secreto.

Algúns dos habitantes de Xerusalén comentaban:

– «¿Non é a este ó que lle trataban a morte? Pois mira como fala á vista de todo o mundo e mais non lle din nada. ¿Será que de verdade as autoridades chegaron a recoñecer que el é o Mesías? O caso é que este sabemos de onde é; mentres que o Mesías, cando veña, ninguén saberá de onde é.»

Gritou entón Xesús, mentres ensinaba no templo:

– «¿Así que a min coñecédesme e sabedes de onde son? Pois non vos vin pola miña conta; a min mandoume o Veraz, a quen vós non coñecedes. Eu coñezoo, que de onda El proveño e foi El quen me mandou.»

Daquela trataban de prendelo; pero ninguén lle botou man: aínda non chegara a súa hora.